

Nota de prensa
do SLG

29-10-2008

O Sindicato Labrego Galego lamenta que gandeiros/as e agricultores/as estradenses perdan axudas por deixadez municipal

Que está pasando na Concellaría de Urbanismo do Concello da Estrada? É esta a pregunta que se fan preto dunha decena de agricultores/as e gandeiros/as de devandito concello.

O vindeiro día 31 de outubro remata o último prazo (xa que esgotaron todas as prórrogas) para presentar as pertinentes licenzas de obras ante a Consellaría do Medio Rural e así poder acceder ás axudas de Primeira Instalación de Xóvenes Agricultores e ao Plans de Mellora das explotacións xa existentes.

Isto é, **pérdense** as axudas para as novas persoas que queren vivir e traballar no rural estradense; **pérdense** as ilusións e a capacidade emprendedora que tanto fai falta no noso concello e, sobre todo, nestes momentos; e **pérdense** de facer obras e instalacións que benefician a outros sectores.

Cando falamos de urbanismo non só falamos de vivendas e pisos, senón que hai un tecido económico moi importante no noso rural que está esmorecendo.

Vai máis dun ano dende que o Sindicato Labrego Galego lle entregou persoalmente unha listaxe de persoas afectadas por estes problemas á Concelleira de Urbanismo e, a día de hoxe, todo segue igual. Tan igual que dende o sector gandeiro vemos que houbo a mesma parálise na Concellaría de Urbanismo en lexislaturas pasadas cun goberno soportado polo do Partido

Popular (PP), que na actualidade, e neste caso concreto, polo Partido Socialista Obrero Español (PSOE).

Dende o Sindicato Labrego Galego lamentamos esta situación e esperamos que muden as formas de facer política no que respecta ao Urbanismo no Concello da Estrada, e non só as caras.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Marcos Louzao, Responsábel Comarcal do SLG en Tabeirós-Terra de Montes

TLF: 659 211 523